

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de xuño de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove e cinco minutos do día 7 de xuño de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(711).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7303/2001 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 1º PONTEVEDRA DESESTIMATORIA DE R.C.A. (Nº 370/99) CONTRA ACORDO SOBRE LIQUIDACIÓNS DO IBI 1998. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto por Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza de 28.11.00 desestimatoria de recurso contencioso-administrativo interposto contra acordo do Concello de Vigo sobre liquidacións do Imposto de Bens Inmóveis, exercicio 1998 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra. Con imposición de custas ó recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ó departamento de Admón. de Tributos e Recursos e Asesoramento.

**2(712).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7991/1999 INTERPOSTO POR D. RAIMUNDO LEIRÓS FIGUEROA CONTRA INACTIVIDADE DA ADMÓN. EN RELACIÓN CON SOLICITUDE DE EXPROPIACIÓN EN BEADE (AUTOESTRADA PUXEIROS-VAL MIÑOR). INADMISIBLE O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que declaramos a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto polo procurador D. Jose Antonio Castro Bugallo, en representación de D. Raimundo Leiros Figueroa, contra inactividade da Dirección Xeral de Obras Públicas-Servizo Provincial de Estradas de Pontevedra, por non ter dado cumprimento ó solicitado polo recorrente mediante escrito presentado en data 26 de maio de 1999, sobre inicio de actuacións expropiatorias dun predio de 2000 varas na parroquia de Beade de Vigo. Non facemos especial imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e o de Montes.

**3(713).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 05/30770/04, 14/6963/04 E 15/1977/04, DENEGACIÓN EXPTE. 11/30507/04.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Elena Vizoso García. Expte. 05/30770/04
- D<sup>a</sup> Gabina Pérez Costas. Expte. 14/6963/04.
- D. Fco. Javier Corbillón Alvarez. Expte. 15/1977/04.

2º.- Denega-la prestación do Servizo de axuda no fogar á D<sup>a</sup>. Carmen Gardón Fernández. Expte. 11/30507/04.

**4(714).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ALDABA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN A MAIORES NON DEPENDENTES. EXPTE. 10874/301/04.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.05.04, e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servicios Sociais, do 14.05.04, conforamdo polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Fundación Aldaba, que se achega no expediente, para a realización dun programa de atención ós maiores non dependentes no que están previstas as actividades que figuran no anexo do mesmo, que terá vixencia durante tres meses dende súa sinatura.

2º.- Autorizar o pago do custo previsto no convenio por un importe total de 6.000 € para o ano 2004 con cargo á partida 3130/2260804 a favor de Fundación Aldaba, CIF G 36631437. Os pago faranse segundo previsto na cláusula vixésima do convenio.

3º.- Facultar ó Concelleiro Delegado da Área de Asuntos Sociais, Ignacio J. López-Chaves Castro, para a sinatura do convenio.

**5(715).- BASES DO V ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO. EXPTE. 1032/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 31.05.04, cofnormado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar as bases que de seguido se transcriben, para o V Ensalzamento do Traxe Galego que se realizará o día 19 de xuño na praza do Berbés.

*BASES  
V ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO*

- 1. A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, en colaboración con El Corte Inglés e a Escola Municipal de Danza, organiza o “V Ensalzamento do traxe galego”, que terá lugar o sábado día 19 de xuño de 2004, a partir das 21’00 horas, na praza do Berbés.*
- 2. Poderán participar neste evento cantas persoas o desexen; para tomar parte no concurso e optar aos premios deberán cubrir a solicitude de inscrición que poderán recoller e presentar persoalmente, ou ben por fax, na secretaría da Escola Municipal de Danza (Casa do Concello, soto 1º, teléfono 986.81.01. 67; fax 986.81.01.67 ou 986.22.16.66).*

Nesta solicitude deberán sinalar os seguintes datos: nome, apelidos e enderezo da persoa que mostre o traxe; se este é antigo ou moderno, de gala ou decotío; comarca de procedencia e época á que pertence. No apartado de “observacións” consignaranse o maior número de datos aclaratorios posibles para unha mellor identificación, así como os elementos que compoñen o traxe.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará ás 14'00 horas do día 17 de xuño; non se admitirá ningunha solicitude recibida con posterioridade á hora e data indicadas, calquera que sexa o motivo do retraso.
4. Todos os traxes feitos na actualidade deberán inscribirse como “Traxe moderno”, e será imprescindible que garden o canon do traxe antigo. Pola súa banda, os traxes antigos deberán presentarse como tales, con referencia detallada aos seus antecedentes e procedencia. Calquera que sexa o traxe, antigo ou moderno, os seus adornos haberán de ser de cristal, acibeche ou cera vidrada, os agremáns ou pasamanerías de fío, seda ou algodón, e no seu feitío axeitáranse aos patróns tradicionais.
5. Será condición imprescindible que todas as pezas que compoñen o traxe en exhibición formen un conxunto completo e homoxéneo. Non poderán combinarse pezas de distinta comarca.
6. O xurado, no momento da súa deliberación, terá moi en conta a calidade e autenticidade do traxe e de cada unha das pezas que o compoñen e mais os restantes elementos da indumentaria, incluídos calzado, adobíos, peiteado, etc.
7. O xurado do concurso estará presidido polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e composto por catro persoas vinculadas ao mundo da cultura tradicional galega. Un técnico do Concello de Vigo actuará como secretario, con voz e sen voto. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.
8. O xurado examinará os traxes inscritos para o concurso o sábado día 19 de xuño, ás 17'30 horas, no auditorio da Casa do Concello. Posteriormente, concentraranse ás 19'30 horas na praza do Rei, para desfilar a partir das 20'00 horas polas rúas que lles indique a organización. Unha vez chegados á praza do Berbés, darase a coñecer o veredicto do xurado e realizarase a entrega de premios.
9. Os premios establecidos para o concurso por categorías serán os seguintes:

PREMIO TRAXE ANTIGO

Home: 230.-€.

Muller: 230.-€

PREMIO TRAXE DECOTÍO

Home: 230.-€

Muller: 230.-€

PREMIO TRAXE MODERNO

Home:

1º premio: 230.-€

Muller:

1º premio: 230.-€

Neno:

1º premio: agasallo.

Nena:

1º premio: agasallo.

*No apartado de nenos/as para os traxes modernos poderán participar os/as menores de 16 anos; no de mulleres e homes en todas as categorías, a partir dos 17 anos.*

*PREMIO ESPECIAL de 310,51.-€, para o grupo que seleccione o xurado de entre os formados por máis de 10 persoas, que se inscriban como asociación, grupo folclórico ou similar, e que ningún dos seus membros estea inscrito no concurso de xeito individual.*

*Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que sexa de aplicación.*

*Todos os participantes no desfile polas rúas do percorrido recibirán un diploma de participación; pola súa banda, todos os que tomen parte no concurso serán obsequiados pola organización cun agasallo.*

10. *A inscrición no concurso supón a aceptación plena das presentes bases; así mesmo, o veredicto do xurado será inapelable.*
11. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e mais o xurado quedan facultados para resolver as posibles controversias ou dúbidas que poidan xurdir na interpretación das presentes bases, así como para tomar iniciativas que contribúan ao bo desenvolvemento do concurso.*

**6(716).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA IGREXA EVANXÉLICA REMAR PARA A CELEBRACIÓN DE CAMPAÑAS EVANXÉLICAS NO PARQUE DE CASTRELOS OS DÍAS 12 E 13 DE XUÑO. EXPTE. 69347/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 31.05.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á REMAR á celebración dunhas Campañas Evanxélicas, no palco exterior do Parque de Castrelos nas datas 12 e 13 de xuño.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores do Parque de Castrelos.
- ✓ Deberán incluír unha garantía por posibles danos ó patrimonio municipal por valos de 600 €.
- ✓ Horario autorizado: de 19 a 22 horas.

- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**7(717).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA NA HONRA DE SANTIAGO APÓSTOL OS VINDEIROS DÍAS 23,24 E 25 DE XUÑO EN BEMBRIVE. EXPTE. 69600/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 26.05.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á Hirmandade de Festas de San Blas e Santiago Apóstol, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA NA HONRA DE SANTIAGO APÓSTOL, os vindeiros 23, 24 e 25 de xullo de 2004, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**8(718).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO PATRÓN OS DÍAS 2 E 3 DE XUÑO EN SANTO TOMÉ DE FREIXEIRO. EXPTE. 69555/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 26.05.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á A. VV PONTENOVA-FREIXEIRO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DO PATRÓN, os vindeiros 2 e 3 de xullo de 2004, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**9(719).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID PARA CHATARRA. EXPTE. 69670/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se encontran no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg , debendo retira-los no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

EXPEDIENTE: 9/2001

<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
NX-93-82	FIAT UNO
C-2164-BFN	HONDA SFX
<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
M-7704-DF	CHRYSLER 150 LS
PO-4996-J	FORD FIESTA
PO-3035-M	RENAULT R-12 TS
PO-6306-AU	CITROEN ZX
PO-2953-AV	PGO GALAXY 90
SG-4903-E	FORD ESCORT

TOTAL VEHICULOS : 8.

**10(720).-RECLAMACIÓN DE DANOS:**

a) **MARÍA DOLORES REJO REJO. EXPTE. 14653/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 25.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup> María Dolores Rejo Rejo polos danos ocasionados como consecuencia de tropezar contra os valos da obra existente na rúa Alfonso XIII, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 12.05.04, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe da Unidade de Patrimonio, do 20.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de D<sup>a</sup> María Dolores Rejo Rejo por non corresponder ó Concello a responsabilidade patrimonial dos posibles danos.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) **CAMILO RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ. EXPTE. 14437/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 25.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Camilo Rodríguez Gutiérrez polos danos ocasionados ó golpearse contra un valo que se atopaba caído



cando paseaba pola rúa Martínez Garrido, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 12.05.04, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe da Unidade de Patrimonio, do 21.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de D. Camilo Rodríguez Gutiérrez por non existir claro nexa de causalidade do accidente co funcionamento do servizo público.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

**11(721).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL STA. MARTA DE CASCO VELLO” ADXUDICADO Ó COLEXIO LOS MILAGROS S.L. EXPTE. 4466/332.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 24.05.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral que di o seguinte:

*O contrato de xestión do servizo da “Escola Infantil Municipal Sta. Marta de Casco Vello”, foi adxudicado a “Colegio Los Milagros”, SL, CIF: B-36626109, pola Comisión de Goberno, na sesión ordinaria do 15 de abril de 2002. O contrato iniciouse o 1 de setembro de 2002, por acordo da Comisión de Goberno do 20 de maio de 2002. Rematará o contrato o 31 de agosto de 2004, segundo determinan os pregos de condicións que o rexen, aprobados na sesión da Comisión de Goberno do día 10 de decembro de 2001.*

*Propónse a primeira prórroga do contrato aínda vixente, consonte co estipulado na cláusula 5 do prego de condicións administrativas que rexe a contratación.*

*A empresa adxudicataria presta a súa conformidade.*

*Por todo isto formúlase a seguinte proposta e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, previos os preceptivos informes:*

*1º.- Aprobar a prórroga do contrato de xestión do servizo da “Escola Infantil Municipal Sta. Marta de Casco Vello”, que foi adxudicado a “Colegio Los Milagros”, SL, CIF: B-36626109, pola Comisión de Goberno, na sesión ordinaria do 15 de abril de 2002. O prazo desta primeira prórroga abrangue desde o día 1 de setembro de 2004 ata o 31 de agosto de 2005, ambos os dous incluídos.*

*2º.- Autorizar o gasto de:*

*- 54.832'64 €, con cargo á partida 422.0.227.06.06 do presuposto en vigor, para a xestión da EIM “Sta. Marta” de Casco Vello, por catro mensualidades de 13.708'16 € cada unha e outros oito meses por un importe total de 109.665'28 €, con cargo ó vindeiro presuposto de 2005. Os prezos para 2005 estarán suxeitos á revisión de IPC acumulado decembro2003/ decembro 2004, segundo o previsto na cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexe o contrato.*

3º.- *A prórroga suxetarase en todo ó prego de condicións aprobado pola Comisión de Goberno na súa sesión do 10 de decembro de 2001.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(722).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PUBLICIDADE “O CONCELLO INFORMA”. EXPTE. 1034/101.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 22.03.04 aprobou o expediente de contratación da elaboración e desenvolvemento da campaña de información da actividade municipal “O Concello informa”.

Con data 24.04.04 o titular do órgado de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 71 e no BOP Nº 71 de datas 14 e 15 de abril do presente ano respectivamente presentáronse as seguintes proposicións: 1) Anónimo Publicidad S.L., 2) Ecovigo Publicidad S.L. e 3) Canal Uno de Comunicación S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 26.04.04 procedeu á apertura da documentación administrativa e con data 3.05.04 a oferta económica, pasándo as ofertas a informe do xefe dos servizos administrativos da Alcaldía.

Con data 13.05.04 emite informe o xefe dos servizos administrativos da Alcaldía e o 11.05.04 o xefe de RR.PP. e Protocolo facendo constar ambos que a mellor oferta é a presentada pola empresa Canal Uno S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de 24.05.04, vistos os anteditos informes formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Canal Uno, S.L.” o concurso para a contratación da campaña de publicidade “O Concello informa” por un prezo de 200.000 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 22.03.2004 e a oferta presentada.

**13(723).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DOS SERVICIOS DE ATENCIÓN CIDADÁ DO TELÉFONO 010 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 420/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas dos servizos de Atención Cidadá do teléfono 010, redactados polo xefe do Servizo de Atención Cidadá con data 9.04.04, e o prego de cláusulas administrativas modificado do 24.05.04, redactado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación; vistos o informe do xefe de Réxime Interior, de 18.05.04, e os informes xurídicos de Secretaría Xeral do 11 e 26 de maio e de acordo co informe-proposta do xefe devandito xefe de negociado, do 24.05.04, conformado pola concelleira de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 134.840 euros/ano para a contratación do servizo de atención cidadá do telefono 010 que se imputarán os presupostos do concello da forma seguinte:

- 78.656,66 euros con cargo á partida 4631.227.06.00 do presuposto do ano 2004.
- 134.840,00 euros con cargo á partida 4631.227.06.00 do presuposto do ano 2005.
- 56.183,34 euros con cargo á partida 4631.227.06.00 do presuposto do ano 2006

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación do servizo de atención cidadá do telefono 010.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**14(724).-PRODUCTIVIDADE A FAVOR DA FUNCIONARIA D<sup>a</sup> DOLORES BERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 15021/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14.04.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 30 de setembro de 2002, o Alcalde Presidente, a instancias do Sr. Director do laboratorio municipal e máis do Concelleiro delegado de sanidade, decreta unha encomenda de funcións a favor da Sra. Inspectora auxiliar de sanidade, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Bernárdez Fernández, co tenor literal que segue :*

*“ Primeiro: Autorizar a acumulación das funcións da praza de Técnico Medio de laboratorio, con motivo da existencia nos orzamentos dunha praza do grupo B, actualmente vacante, a favor da Inspectora Auxiliar de Sanidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Bernárdez Fernández, funcións que continuará compatibilizando cos cometidos propios da súa praza , en tanto en canto no se resolva definitivamente polo conducto regulamentario a situación do laboratorio municipal.*

*Segundo : como compensación ó esforzo realizado e a dedicación extraordinaria que se debe esixir para esta acumulación de funcións, autorízase a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Bernárdez Fernández como perceptor dunha productividade máxima anual polo importe de doce mensualidades do Complemento de destino do posto de traballo acumulado,*

con devengo cuatrimestral, e que será debidamente autorizada pola Comisión Municipal de Goberno previo informe favorable do rendemento e dedicación emitido pola Xefatura do servizo.

Das cantidades máximas autorizadas descontarase a parte proporcional dos días de baixa médica, entendéndose en calquera caso como días de traballo os permisos, licencias e vacacións regulamentariamente retribuídos. “

Con data 3 de decembro de 2003, o Sr. Director do laboratorio emite informe sobre o correcto rendemento e dedicación desenvolto pola funcionaria a quen se lle encomendaron tales funcións de superior categoría, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 ata o 30 de novembro de 2003, toda vez que en data 1 de decembro seguinte tomou posesión da praza acumulada o funcionario D. Eugenio Costas Riveiro.

*Fundamentos de dereito :*

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de goberno local a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.

Segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla aprobadas polo Pleno do Concello, serán aboadas con cargo ó complemento de produtividade, en todo caso, a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, por importe equivalente ó do complemento de destino do posto acumulado.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para o posto de Técnico Medio de Laboratorio no ano 2003, o importe do Complemento de destino quedou establecido en 577,25 Euros mensuais ( nivel 25 ).

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, xa que se estableceu un devengo cuatrimestral, en tanto non se cubrise o posto de Técnico Medio de Laboratorio, polo que non procede efectuar descontos por ditos conceptos.

*Consultados os listados de control de presenza que se incorporan ó expediente, a funcionaria non estivo en situación de incapacidade laboral transitoria durante o período de devengo, amosando un correcto cumprimento da xornada de traballo.*

*Vistos os feitos precedentes, informes do Sr. Director do Laboratorio Municipal, e normas legais de anterior invocación, conséntase a concorrencia dos presupostos necesarios para someter ó órgano resolutor o eventual outorgamento deste complemento retributivo, ben entendido que dita concesión ten carácter eminentemente discrecional.*

*Consecuentemente, vistas as competencias resolutorias atribuídas á Xunta de goberno local polo artigo 127 da Lei de bases de réxime local, na súa redacción conferida pola lei 57/2003, de 16 de decembro, sométese a consideración deste órgano, previo informe da intervención xeral, a seguinte proposta:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 24.05.04, conformado pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, acorda:

Recoñecer e aboar á funcionaria Sra. D<sup>a</sup>. Dolores Bernárdez Fernández, Inspectora auxiliar de sanidade, a cantidade de 6.349,75 euros, en concepto de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria amosada durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 30 de novembro de 2003, no desenvolvemento ordinario das funcións do seu posto de traballo que realizou acumulativamente coas propias do posto de Técnico Medio do Laboratorio Municipal, de superior categoría, segundo o informe precedente emitido pola Xefatura de Unidade de persoal de 14 de abril de 2004, que se transcribe como parte integrante deste acordo.

Dése traslado da presente resolución ó interesado, ó Comité de persoal, e máis á Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por prazo de dez días hábiles “.

#### **15(725).- ENCOMENDA DE FUNCIONES Á TÉCNICA DE ADMÓN. ESPECIAL, D<sup>a</sup> PILAR DÍAZ DE BUSTAMANTE. EXPTE. 15077/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 25.05.04, que di o seguinte:

*Con data 28 de abril de 2004, a Concelleira delegada de promoción económica e Oficina da Muller emite informe dirixido á Unidade de persoal solicitando a urxente cubrición da baixa laboral por maternidade que a técnica da Oficina da Muller, Sra. Gómez García, vai ter a partires do mes de xuño de 2004.*

Vista a solicitude precedente, e considerando a propia data na que se comunica a esta Unidade a eventualidade que motiva esta substitución – un mes antes do evento – resulta procedimentalmente inviable instrumentar unha substitución externa coa urxencia requerida, sen prexuízo das serias dificultades técnicas que se orixinarían ante o desempeño desas funcións a traveso dun interinaxe, mecanismo claramente inaxeitado para asumi-los máximos cometidos técnicos do departamento, actualmente desenvoltos por unha funcionaria de carreira.

A única alternativa razoable para non deixar desatendidas as funcións do servizo deberá pasar por unha encomenda de funcións a outro/a funcionaria municipal do mesmo grupo de titulación que acumule coas funcións propias do seu respectivo posto de traballo os cometidos que ata a data ven exercendo a funcionaria Sra. Gómez García.

Noutra situación similar tales funcións foron asumidas – entendemos que moi satisfactoriamente – pola Técnica de administración especial Sra. D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Díaz de Bustamante, quen xa estivo destinada previamente na Oficina da Muller.

Por todo elo sométese a consideración da Xunta de Goberno local, no exercicio das súas competencias exclusivas, a seguinte proposta :

“ Encomendarlle á Técnica de Administración especial, Sra. D<sup>a</sup>. Pilar Díaz de Bustamante, as funcións técnicas de informe e proposta de resolución dos expedientes da Oficina da Muller, que desenvolverá acumulativamente cos cometidos propios do posto ó que figura actualmente adscrita.

A presente encomenda de funcións poderá devenga-lo complemento de produtividade previsto nas vixentes Instrucións de plantilla por acumulación de funcións, e rematará automaticamente e en todo caso tan pronto se reincorpore da sua baixa maternal a funcionaria da Oficina da Muller, Sra. D<sup>a</sup>. Cristina Gómez García.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(726).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EDICIÓN DO MATERIAL PROMOCIONAL DE TURISMO. EXPTE. 1403/104.**

#### Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 30.03.04 aprobou o expediente de contratación da edición de material promocional da Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

Durante o prazo sinalado non anuncios publicados no DOG nº 71 e no BOP nº 72 de datas 14 e 16 de abril do presente ano respectivamente, presentáronse as seguintes propostas: 1) Anónimo Publicidad S.L., 2)Ecovigo Publicidad S.L., 3) Merkley Publicidad, 4) Publynol S.L., 5) Canal Uno de Comunicación S.L. e 6) Producción e Xestión Cultural S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 10.05.04 procedeu á apertura da documentación presentada, excluindo a proposta Publynol S.L. por non presentar os documentos acreditativos da súa solvencia económica financeira e técnica, pasándo as demais propostas a informe do Servizo de Turismo.

A coordinadora de Turismo e Comercio, emite informes de avaliación por cada lote de adxudicación, de data 24.05.04, facendo constar que para o lote 1 a oferta que mellor puntuación acadou foi Ecovigo Publicidad S.L. e para o lote 2 Anónimo Publicidad S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de 31.05.04, á vista dos informes da coordinadora de Turismo, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º- Adxudicar a “Ecovigo Publicidad, S.L.” o lote 1 do concurso para a contratación da edición do material promocional da concellería de Turismo por un prezo de 119.537,71 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 30-03-2004 e a oferta presentada.

A imputación do gasto a cada unha das anualidades do contrato farase de acordo co establecido na cláusula 2 de prego de cláusulas administrativas.

2º- Adxudicar a “Anónimo Publicidad, S.L.” na súa opción 1, o lote 2 do concurso para a contratación da edición do material promocional da concellería de Turismo por un prezo de 29.321,53 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 30-03-2004 e a oferta presentada.

A imputación do gasto a cada unha das anualidades do contrato farase de acordo co establecido na cláusula 2 de prego de cláusulas administrativas.

#### **17(727).- APROBACIÓN INICIAL DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS EN XESTOSO, UR 1 DO PEMN DE ESPARRAMÁN. EXPTE. 4452/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 24.05.04, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1º.- En data 14/02/2000 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Mellora do Núcleo "03-26-D Esparramán" (Bembrive). Dito Acordo publicouse no BOP núm. 56, do 21/03/2000 e no DOG núm. 65, do 03/04/2000.

2º.- No 27/06/2003 o representante da entidade mercantil "AMBAS DÚAS S.L." interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación dunha normalización de fincas no lugar de Xestoso dentro do ámbito do referido Plan Especial. Achegou a tal efecto o correspondente proxecto técnico, asinado pola arquitecta D<sup>a</sup> Milagros Álvarez Conde.

Previo requirimento desta Administración municipal, a devandita entidade mercantil presentou nova documentación nos días 03/11/2003 e 30/04/2004.

3º.- En data 21/05/2004 o arquitecto municipal da oficina de Planeamento emitiu un Informe no que manifestou, entoutros extremos, o seguinte:

"(...) A Normalización de Predios presentada refírese ó ámbito da Unidade Reparcelable 1, delimitada no PEMN do núcleo 03 26 D Esparramán, cunha superficie de 4.14'46 m<sup>2</sup>, segundo se expón nos plano 3 Parcelas iniciais e 4 Parcelas resultantes da Documentación da Normalización de Predios. O obxecto desta Normalización de Predios é o de adapta-la configuración física das parcelas ... , en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico. Esta zona de normalización de predios está contida no planeamento de ordenación detallada, que neste caso é o xa mencionado PEMN 03 26 D Esparramán. Trátanse de finalidades reguladas no artigo 122 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (en adiante LOUG), e nos artigos 117 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística (en adiante RXU). A solución pretende dar cumprimento ó disposto no PEMN de Esparramán, que no seu apartado 7.- Normativa e no plano 21 – Calificación do solo, fixa as condicións urbanísticas que deberán cumprirse no desenrolo desta UR 1. Estas condicións reproduciranse no apartado seguinte deste informe.

## CONDICIÓN URBANÍSTICAS

De acordo co especificado no Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (DOG 10/05/93), coa disposición transitoria 1ª e/ da LOUG, e dado que o PEMN 03 26 D Esparramán está aprobado definitivamente, o terreo obxecto desta solicitude ten a seguinte clasificación e cualificación de solo: SOLO DE NÚCLEO RURAL, incluído no núcleo rural existente de recente formación 03 26 D Esparramán da parroquia de Bembrive. Isto é así dado que, de acordo coa disposición transitoria 1ª e/ da LOUG, ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais delimitados ó abeiro da Lei 11/1.985, de adaptación da do solo a Galicia, ... , aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural. O PEMN 03 26 D ESPARRAMÁN (BEMBRIVE), aprobado definitivamente o 14/02/00, inclúe o terreo obxecto desta consulta na Unidade Reparcelable 1 coas seguintes características:

## ORDENANZA PARTICULAR PARA UNIDADES REPARCELATORIAS UR 1, UR 2.

As características da ordenanza son idénticas ás establecidas no PXOU-93 de Vigo, para a ordenanza "1.3" grado "B", de vivenda unifamiliar illada de media densidade, coas seguintes particularidades para as condicións de volume:

- Parcela mínima 400 m<sup>2</sup>.
- Recuados laterais 3 m.



- Recuados a camiños 3 m., á aliñación indicada nos planos do PEMN.
- Altura máxima da edificación 9 metros, medidos dende o cumio ata a rasante do terreo.
- Diámetro mínimo do círculo inscribible na zona unitaria 8 metros.
- Ancho mínimo de parcela a efectos de parcelación 12 m. na situación da vivenda, cun mínimo de 3 m. de ancho, na fronte da parcela ó camiño.

#### DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA

A UR 1 do PEMN de Esparramán é un ámbito discontinuo de Normalización de Predios, formado por dúas áreas. A proposta presentada abarca as dúas zonas delimitadas. O total da UR 1 está formada por 9 parcelas iniciais, 6 na primeira zona e 3 mais na segunda. A maioría delas son actualmente inedificables, dado que non cumpren algúns dos parámetros fixados pola ordenanza de aplicación. Logo da reordenación destas parcelas, as dúas zonas seguen estando formadas polo mesmo número de parcelas, pero adaptadas as esixencias fixadas na ordenanza particular do PEMN. A normalización consegue que toda-las parcelas sexan edificables, sen que ningún propietario vexa diminuída a superficie da súa propiedade. Tan só se da un caso en que se adjudica unha parcela final en proindiviso entre dous dos propietarios. Isto é así porque a parcela inicial nº6 é inferior á parcela mínima fixada polo PEMN. No cadro seguinte resúmese, tanto a situación inicial do ámbito da UR 1 como a proposta de nova ordenación:

PARCELAS INICIAS			PARCELAS FINAIS		
Nº	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	Nº	PROPIETARIO	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )
1	Elena Vila Seijo	442'85	1	Elena Vila Seijo	442'85
2	Purificación Vila Seijo	492'75	2	Purificación Vila Seijo	492'75
3	Ambas dúas S.L.	737'00	3	Ambas dúas S.L.	445'00
4	Ambas dúas S.L.	503'41	4	Ambas dúas S.L.	445'00
5	Ambas dúas S.L.	340'18	5	Ambas dúas S.L.	503'86
6	Valentina Vila Alonso	213'27	6	Ambas dúas S.L.	186'73
				Valentina Vila Alonso	213'27
7	Luis Rodríguez Vila	572'00	7	Luis Rodríguez Vila	572'00
8	José Figueroa González	417'00	8	José Figueroa González	417'00
9	Ángel Alonso Álvarez	423'00	9	Ángel Alonso Álvarez	423'00
	Superficie total	4.141'46		Superficie total	4.141'46

**CONCLUSIÓN:** Dado que a Normalización de Predios presentada, tal e como quedou exposto anteriormente, cumpre coas determinacións do PEMN e do PXOU, infórmase favorablemente á aprobación inicial da Normalización de Predios da UR 1 do PEMN 03 26 D Esparramán."

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O proxecto de normalización de fincas que agora se pretende aprobar inicialmente axústase ó disposto no art. 122 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), no que se preceptúa que:

"1.- Cando fose necesario adapta-la configuración física das parcelas en solo urbano consolidado, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio (...)".

II.- Trala aprobación inicial do proxecto de normalización de fincas abrirase un trámite de audiencia dos interesados polo prazo de vinte días hábiles, mediante notificación individualizada e publicación de anuncio no BOP.

É competente para acorda-la aprobación inicial e definitiva do proxecto a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, propónse ó Consello da Xerencia, para que á súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de normalización de fincas en Xestoso, na UR 1 do PEMN de Esparramán, asinado pola arquitecta D<sup>a</sup> Milagros Álvarez Conde e visado polo COAG no 28/04/2004 (expte. 4452/401).*

*SEGUNDO: Abrir un trámite de audiencia e información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e notificación do contido íntegro deste Acordo ós propietarios do ámbito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(728).-PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DA RÚA PEDRO ALVARADO EN TEIS. EXPTE. 144/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 24.05.04, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

- 1) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 27 de maio de 2.002, en base ós feitos e fundamentos de dereito que nel constan, acordou a aprobación definitiva do proxecto de expropiación da rúa Pedro Alvarado en Teis, incluído no Convenio asinado entre esta Administración e a CPTOPV da Xunta de Galicia asinado en data de 30 de febreiro de 2000. Asemade, foron resoltos os recursos de reposición interpostos contra o acordo citado, na sesión de 28 de outubro de 2.002.
- 2) O Decreto 271/2002, de 6 de setembro, publicado no DOG nº 182, de 20 de setembro de 2.002, declarou a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Vigo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de ampliación do Camiño de Maceiras (Teis).

- 3) *Levantáronse as actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados en datas de 24 e 25 de outubro de 2.002.*
- 4) *Procedeuse ó pago dos depósitos previos e ó levantamento das actas de ocupación en data de 29 de outubro de 2.002.*
- 5) *Por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 7 de novembro de 2.002, puxéronse os terreos a disposición da Xunta de Galicia.*
- 6) *En xaneiro de 2.003, a Xerencia Municipal de Urbanismo, remitiu ós expropiados folla de aprecio individualizada para os efectos de convenir por mutuo acordo o xustiprezo na que se lles ofrecía optar pola alternativa "A" consistente no pago do importe da valoración realizada pola Administración ou pola alternativa "B" consistente no recoñecemento da edificabilidade en pago da superficie do terreo afectada, xunto co pago do importe da valoración dos restantes bens e dereitos afectados, indicándoselles que o "aproveitamento urbanístico soamente será materializable sobor do resto da parcela non expropiada e sempre e cando ésta reúna as condicións esixidas pola Ordenanza".*
- 7) *En vía de mutuo acordo optaron pola alternativa "B" de recoñecemento de edificabilidade ós seguintes propietarios:*
  - a) *da parcela A-18, don Ricardo Lorenzo Blanco e dona Carmen Lage Suárez;*
  - b) *da parcela A-23, don Claudio Méndez Álvarez;*
  - c) *da parcela A-32, don Manuel Vázquez Estévez;*
  - d) *da parcela A-33, dona María-del-Carmen Méndez Gargamala;*
  - e) *da parcela A-35, don José-Antonio Santos Valluerca;*
  - f) *da parcela A-38, don José González Rodríguez.*

*As parcelas A-32, A-33 están clasificadas como solo urbano con Ordenanza 1.3.F e a parcela A-35 está clasificada como solo urbano con Ordenanza 1.3.D.*

*As parcelas A-18, A-23 e A-38 están clasificadas como solo urbanizable no programado V-3.*

- 8) *Con rexistro de entrada de data de 20 de abril de 2004 e número de rexistro 40039480, a Oficina de Actuacións Viarias remite a proposta de convenio urbanístico sobre pagamento dos terreos expropiados para a execución do "Proxecto de ensanche e prolongación da rúa Pedro Alvarado" (Teis). Na devandita proposta fan constar que:*
  - *"No presente caso a única cuestión que se plantea é en relación ós terreos incluídos no ámbito SUNP V-3, xa que pódese optar por fixar en vía de mutuo acordo expropiatorio a edificabilidade que en cada caso lles corresponde (tomando como referencia un aproveitamento do 0,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> e descontando a porcentaxe do 10% en concepto da cesión que os propietarios teñen que facer a favor do Concello), ou no seu caso optar por unha*

fórmula abstracta deixando a concreción da edificabilidade ó momento no que se desenvolva o solo integrado nese ámbito".

- "En relación ás parcelas que están clasificadas como solo urbano e suxeitas á ordenanza 1.3, haberá que verificar en cada caso se é posible materializar sobre a parcela restante a totalidade do aproveitamento que corresponda./ De maneira que soamente será posible suscribir o convenio cos propietarios de parcelas nas que se poida materializar esa edificabilidade na parcela deficitaria, será necesario continuar los trámites do expediente de prezo xusto".
- 9) Segundo os informes do arquitecto técnico da xerencia de urbanismo de datas de 27 de abril de 2.004, en relación coas parcelas clasificadas como solo urbano, o convenio non sería posible en relación coa parcela A-32, pertencente a don Manuel Vázquez Estévez, xa que conclúe que "ó estar a edificación existente e xa consolidada fóra de ordenación". En cambio sería posible establecer un convenio coa propiedade para o recoñecemento da edificabilidade resultante da superficie afectada cos expropiados das parcelas A-33 e A-35.
- 10) En relación coas parcelas clasificadas como solo urbanizable non programado (A-18, A-23 e A-38) o arquitecto técnico, con data de 27 de abril de 2.004, informa que

"este tipo de solos queda suxeito á normativa establecida no apartado 1-d) da disposición transitoria 1ª da lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. De acordo o apartado 4 do artigo 21º da citada lei, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, se lle aplicará o réxime do solo rústico de protección ordinaria previsto no artigo 31º da citada lei e o apartado f) da disposición transitoria primeira. O artigo 33º da lei regula as actividades no solo rústico, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas nas ordenanzas do pxou vixente, apartados 3.6. e 3.7. das normas urbanísticas, estando sometidas a licenza municipal directa: hórreos e silos para almacén de colleitas, invernadoiros, casetas e alboios para apeiros de labranza e outras construcións ó servizo da explotación agrícola ata unha superficie de 50 m<sup>2</sup>, en parcela mínima de 5.000 m<sup>2</sup>.

Suxeitos á autorización pola Comunidade Autónoma e co procedemento fixado no artigo 41º, construción e instalación de equipamentos, dotacións e servizos que deban localizarse no medio rural. Para estas instalacións, a parcela mínima será de 5.000 m<sup>2</sup>, a superficie máxima ocupada é do 15% da parcela. A edificabilidade máxima é do 0,10 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. A altura máxima é de 7 m. Os recuados mínimos serán de 5 m. O resto das determinacións figuran recollidas no artigo 42º e 44º da lei.

En calquera caso se deberá garantir-lo acceso rodado público, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais, suministro de enerxía eléctrica, recollida, tratamento, depuración e eliminación de residuos e a adaptación.

Neste tipo de solos queda expresamente prohibidas as construcións destinadas a usos residenciais.

En canto a establecer convenios urbanísticos con recoñecemento do aproveitamento urbanístico que lle corresponda, ós efectos de valoración dos terreos, a lexislación aplicable é a contida na lei 6/1998 de réxime do solo e valoracións.

Segun o artigo 27 da Lei 6/1998 de 13 de abril sobre reximen do solo e valoracións e que a su vez remítese ó artigo 16 da mesma, debe distinguirse entre o solo que non ha sido delimitado polo planeamento xeral ou para o que non se han establecido condicións específicas para o seu desenvolvemento de aqueles que o plan xeral establece condicións. Neste caso o plan xeral vixente non establece condicións para o seu desenvolvemento polo que en principio lle sería de aplicación o contido do artigo 26 da Lei 6/1998 para solos non urbanizables. En canto á atribución dunha edificabilidade de 0,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, hai que facer constar que na memoria do plan xeral establécese o citado aproveitamento para os solos urbanizables. (Paxs. 87 e 88 da memoria xustificativa do plan xeral).

Así mesmo, o réxime do solo urbanizable non delimitado ven definido na lei 9/2002, de 29 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no artigo 21º.4: “No solo urbanizable non-delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico nesta lei”. Non obstante, no apartado 4 do artigo 46º da citada lei, límites de sostibilidade, especificase que:

“No resto do solo urbanizable delimitado e no non-delimitado, de uso residencial, hoteleiro ou terciario, a superficie edificable total en cada sector non poderá supera-las 15 vivendas por hectárea nin 0,30 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo.

O apartado d) da disposición transitoria 1ª da lei 9/2002 de 29 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, expresa que:

“Ó solo urbanizable non-programado, apto para urbanizar ou rústico con aptitude para ser incorporado ó desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable non-delimitado, sen prexuízo de respecta-los usos e as intensidades previstos polo planeamento xeral vixente”.

Seguindo o artigo 27 da Lei 6/1998 que a su vez remítese ó artigo 16 da mesma, debe distinguirse entre o solo que non foi delimitado polo planeamento xeral o para os que non foron establecidas condicións específicas para o seu desenvolvemento de aqueles os que o plan xeral establece condicións. Neste caso e a xuízo do técnico que subscribe e solo ós efectos de valoración debería terse en conta o citado con anterioridade, sendo de aplicación o contido do artigo 27 da Lei 6/1998 para solos urbanizables, baseándose na xurisprudencia segundo a cal o destiño dotacional ou para sistemas xerais dun determinado solo xustifica que ós efectos da súa valoración se faga como si de solo urbanizable programado se tratara, aínda que no plan xeral figure como solo urbanizable non programado. (S.T.S., 6/06/2000, 12/12/2000 e 19/12/2000).

Á vista do exposto pase a informe do técnico da admón xeral.”

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- I. Os artigos 24 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1.954 e artigos 25 a 27 do Regulamento da devandita Lei aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, que admiten que o particular, a quen se refira a expropiación, e a Administración beneficiaria conveñan a adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo, que pode producirse en calquera momento do expediente ata que o Xurado decida sobre o xustiprezo.
- II. En canto a fórmula escollida para o recoñecemento da edificabilidade no convenio, á vista do informe do arquitecto técnico municipal, óptase no modelo que se recollerá na parte dispositiva por unha fórmula abstracta que non produza desaxustes no momento de materialización da edificabilidade.
- III. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En consecuencia propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Remitir nova folla de aprecio ó propietario da parcela A-32, toda vez que á vista do informe técnico, non é posible a suscripción de convenio.

2º.- En relación coas parcelas A-18, A-23, A-33, A-35, A-38, aprobar o seguinte modelo de convenio de recoñecemento da edificabilidade en proporción á superficie do terreo expropiado, habilitando para a súa sinatura ó Sr. Concelleiro delegado de urbanismo.

"CONVENIO

Nas dependencias da Xerencia Municipal de Urbanismo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
de 2004.

REUNIDOS

*Dunha parte, e como representante da Administración municipal:*

*D., Concelleiro de Urbanismo, en representación do Concello de Vigo, por delegación do Sr. Alcalde-Presidente.*

*D., Técnico de Administración Xeral, por delegación do Secretario da Corporación, que da fé do acto.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, quen acredita a súa personalidade coa exhibición do D.N.I.*

*\_\_\_\_\_, propietaria da finca núm. do proxecto expropiatorio de referencia (expte. /413), aportando o correspondente título de propiedade.*

*A superficie afectada pola expropiación é de m2. Ten os seguintes lindeiros:*

*Norte:*

*Sur:*

*Leste:*

*Oeste:*

*A través do presente documento, recoñéceselle a \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_, propietaria da finca núm. do expediente expropiatorio da urbanización do vial \_\_\_\_\_, o aproveitamento urbanístico patrimonializable que lle corresponda en proporción á superficie ocupada, de acordo co planeamento pormenorizado aplicable no momento da súa execución ou da solicitude de licencia. O terreo expropiado transmítense en pleno dominio, libre de cargas e gravámenes, respondendo a parte transmitente da evicción e saneamento da mesma.*

*Se por calquera circunstancia o aproveitamento urbanístico recoñecido neste Convenio non se puidese materializar, indemnizárase ó interesado polo valor do terreo cedido, de acordo cos criterios de valoración e trámites previstos na lexislación de expropiación forzosa.*

*O que se fai constar, ós efectos do disposto no art. 24 da vixente Lei de Expropiación Forzosa, e demáis normas de aplicación.*

*Levántase Acta do presente Convenio, por exemplar triplicado, en Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2004.*

*O Concelleiro delegado de*

*O Secretario, P.D. Urbanismo  
O Técnico de Admón. Xeral*

*O interesado*

*Asdo\_\_\_\_\_ "*

3º.- Unha vez asinados os devanditos convenios, procederase á fixación do xustiprezo separado dos bens e dereitos afectados distintos do terreo sobre ó que se chegue a asinar o convenio, para o caso de que existan.

4º.- Contra os precedentes acordos non procede a interposición de recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, toda vez de que en caso de que polos expropiados que amosaron a súa preferencia pola opción do convenio non asinen aprobado no dispositivo segundo, continuará a tramitación da fixación do xustiprezo de conformidade co procedemento contradictorio de intercambio de follas de aprecio previsto nos artigos 25 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa.

**19(729).-PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA SOBRE O NOVO EMPRAZAMENTO DA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DO CASTRO. EXPTE. 8661/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e do arquitecto municipal do Servizo de Planeamento e Xestión, conformado polo Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*FEITOS/ANTECEDENTES.*

- 1.1. En data 22.10.2003 o entón Concelleiro-Delegado de Urbanismo remitiu un Oficio requirindo deste departamento municipal o inicio dos trámites pertinentes para modificar puntualmente o vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93) con motivo do traslado e reubicación da subestación eléctrica do Castro.*
- 1.2. A entidade concesionaria "UNIÓN FENOSA" ven manifestando dende hai anos a necesidade de introducir melloras na infraestrutura existente eléctrica para garantir a subministración á cidade de Vigo en axeitadas condicións de seguridade e calidade.*

- 1.3. Con ese obxectivo iniciouse a construción da Subestación denominada do Castro entre as rúas Ronda de don Bosco, Enrique Blein Budiño e Venezuela segundo a licencia concedida o 9/07/95 , conforme ó Estudio de Detalle nº de expediente 3865/411 , aprobado definitivamente o 3/03/95, posteriormente modificado por outro (nº de expediente 4528/411) con A.D. o 2/03/98.
- 1.4. Posteriormente , ditas actuacións víronse afectadas polas sentencias firmes 124/1999 e 1322/2002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- 1.5. No 20 de outubro de 2.003, a mercantil UNIÓN FENOSA presentou nesta Administración municipal diversa documentación para a Modificación Puntual do Plan Xeral de Vigo, a fin de reubicar a Subestación do Castro, propoñendo a súa localización no subsolo da rúa Camelias, sobre a rasante da rúa Cachamuíña, aproveitando o desnivel existente coa Praza do Rei. Informada esta documentación por distintos servicios técnicos municipais, e polo equipo redactor do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Vello desaconsellouse a relocalización proposta, e remitiuse o 12/12/2003 a FENOSA un informe propoñendo o estudio dalgún lugar alternativo.
- 1.6. No 3 de marzo de 2004 a entidade mercantil "UNIÓN FENOSA" presentou documentación corrixida da proposta de Modificación Puntual do Plan Xeral, suxerindo unha nova localización da subestación, situándoa debaixo da plataforma do vial interior do Monte do Castro, entre os tramos de escaleiras de subida dende a rúa Camelias.
- 1.7. No 5 de marzo de 2004 remitiúselle un Oficio a UNIÓN FENOSA requirindo a aportación de documentación complementaria, incluíndo medidas correctoras referentes ó xacemento arqueolóxico do Castro, ó arborado existente e á garantía de non afección das escaleiras existentes.
- 1.8. No 17 de marzo de 2004 a devandita concesionaria presentou a documentación corrixida, nun Texto Refundido, con data de marzo de 2.004, visado polo COAG o 15 de marzo de 2.004, redactado pola empresa TAU, asinado pola arquitecta Dª Mª Asunción Leboreiro Amaro, e que constitúe o obxecto deste Informe-proposta. A nova localización que se propón para a subestación do Castro refírese, xa que logo, ó subsolo da plataforma do vial interior do Monte do Castro, entre os tramos de escaleiras de subida desde a rúa Camelias.
- 1.9. No 22 de marzo de 2.004 o Arquitecto e o letrado municipal emitiron Informe sobre a Modificación Puntual. A continuación solicitáronse os pertinentes Informes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOVP) -art. 85.1 Lei 9/2002 (LOUGA)-, e da Comisión Provincial do Patrimonio da Consellería de Cultura -Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia-.
- 1.10. No 30 de marzo de 2.004 a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra da Consellería de Cultura emitiu Informe (notificado no 22/04/2004), no que se indica que: "(...) dende o punto de vista do impacto visual a futura obra non incidiría sobre o ben cultural, xa que é soterrada e non sobresaíría da rasante actual do terreo". Sen embargo, engade a conviñencia de efectuar un estudio arqueolóxico do lugar de referencia.



1.11.No 6 de maio de 2004 o Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV emitiu Informe favorable sobre esta modificación puntual (notificado vía Fax no 14 de maio).

## 2. OBXECTO.-

- 2.1 A modificación puntual que se propón consiste, básicamente, na previsión, por parte do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (PXOU), dunha subestación de enerxía eléctrica baixo a plataforma do vial interior do Monte do Castro, por razóns xustificadas de necesidade de potencia, en función da demanda e o crecemento de consumo, así como de localización no centro de gravidade de cargas.
- 2.2. Dita modificación afecta á normativa do PXOU, en concreto ó apartado 3.2.3. de normativa sobre infraestructuras básicas, urbanización e proxectos, apartado e. Enerxía eléctrica, no referente ó subapartado de subestacións, prevendo expresamente a nova subestación do Castro, de 2 x 50 MVA. Tamén modifícase o plano 16-24 do PXOU localizando no mesmo a subestación que se proxecta.
- 2.3. O ámbito da modificación abrangue unha superficie total de 636,91 m<sup>2</sup>, dos que 438,44 m<sup>2</sup> corresponden a viario e 198,47 m<sup>2</sup> están cualificados no vixente PXOU de zona verde 3.1.A., espacio libre ocupado por plataforma, vial e escaleiras. A modificación, que unicamente se refire á previsión de localización no subsolo dun elemento de sistema xeral de infraestrutura eléctrica, non afecta ó uso e cualificación de solo sobre rasante, como pode comprobarse no expediente.
- 2.4. Non obstante por afectar a 198,47 m<sup>2</sup> de terreo cualificado como zona verde, resulta conviñente solicitar Informe da Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia (art. 94.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro -LOUGA-).
- 2.5. A documentación inclúe un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, documento esixido no artigo 61.4 LOUGA, no que se analizan os efectos da modificación sobre o medio físico, e se propoñe a adopción das medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos, consistentes básicamente no mantemento da topografía existente, a reconstrucción das escaleiras e a reposición do arborado e vexetación.
- 2.6. Así mesmo, e dado que a Modificación atópase no ámbito do xacemento arqueolóxico catalogado GA 3657007 do Monte do Castro, o expediente, que contén a obrigatoriedade de que as obras sexan autorizadas pola Dirección Xeral do patrimonio, deberá ser informado de novo pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en relación co disposto na vixente Lei do Patrimonio Cultural de Galicia e o indicado polo Xefe do departamento municipal de Patrimonio Histórico no seu Oficio do 18 de maio de 2004 (informe arqueolóxico).

## 3.- DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL.-

A documentación que se presenta para aprobación inicial, está visada polo COAG no 15 de marzo de 2004, ven redactada pola empresa TAU, e asinada pola arquitecta D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Leboreiro Amaro.

Os documentos que a compoñen son os seguintes:

1. MEMORIA XUSTIFICATIVA, que comprende:

1. ANTECEDENTES.-
2. MARCO LEGAL.-
3. MODIFICACION PROPOSTA.-
  - 3.1. ÁMBITO.-
  - 3.2.- PLANEAMENTO VIXENTE.-
  - 3.3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.-
  - 3.4 .-PROPOSTA.-
  - 3.5.- CONTIDO DA MODIFICACIÓN.-.-

2. PLANOS:

- I. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN/ PLANEAMENTO VIXENTE (folla 16-24)
  - 1.-CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN/ PLANEAMENTO MODIFICADO(folla 16-24)
  - 2.-IMPLANTACIÓN DA SUBESTACIÓN DO CCASTRO
  - 3.-SECCIÓNS ESTUDIOS PREVIOS DE SUBESTACIÓN DO CASTRO.

3. ANEXO FOTOGRÁFICO

4. ANEXO DOCUMENTAL

5. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

3.1. A modificación puntual do planeamento xeral é unha potestade inserta na xenérica competencia municipal de planeamento, recoñecida e recollida no artigo 94 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), entre outros. A iniciativa desta modificación puntual do planeamento xeral é municipal, sen prexuízo do apoio e impulso prestado pola entidade concesionaria "UNIÓN FENOSA" (art. 78 LOUGA).

3.2. O interese público da modificación que se propón, aparece suficientemente xustificado, xa que se encamiña á mellora dun servizo público esencial como é o suministro de enerxía eléctrica da cidade.

3.3. Esta modificación puntual tramitarase segundo o disposto nos arts. 94 e 85 LOUGA.

- 3.4. *Consonte co preceptuado no art. 61 LOUGA incorporouse un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, no que se analizan e ponderan os efectos da execución e desenvolvemento das novas determinacións da modificación sobre os recursos naturais e o medio físico e se xustifican as solucións adoptadas*
- 3.5. *Por afectar a modificación ó subsolo nunha superficie de 198,47 m2 de terreo cualificado como zona verde, de acordo co artigo 94.4 LOUGA requirirase, previamente á súa aprobación provisional, do Informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia.*  
*Así mesmo, deberase recabar tamén Informe favorable da Consellería de Cultura de acordo co disposto na vixente Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 3.6. *É competente para acorda-la aprobación inicial e provisional desta modificación puntual o Pleno do Concello, consonte co disposto no artigo 123. 1. i), da LBRL, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros (artigo 123.2 LRBR). Do mesmo xeito o Secretario Municipal deberá emitir o correspondente Informe xurídico.*

#### 5. PROPOSTA DE ACORDO.

*Por todolo exposto e de conformidade coas precedentes consideracións e preceptos citados, proponse ó Concello-Pleno, previo dictame favorable do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo sobre reubicación da Subestación Eléctrica do Castro, asumindo como propia a iniciativa da entidade mercantil "Unión Fenosa S.A." segundo a documentación presentada con data de marzo de 2004, asinada pola arquitecta D<sup>a</sup> María Asunción Leboreiro Amaro. (Expte. 8661/411).*

*SEGUNDO.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente.*

*TERCEIRO.- Abrir un período de información pública durante un mes, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes.*

*CUARTO.- Solicítense os Informes sectoriais preceptivos, e en especial o da Consellería de Cultura. Antes da aprobación provisional da modificación deberá recabarse tamén Informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia..*

Consta no expediente acordo do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo de 27.05.04, polo que se propón á adopción ó pleno do Concello do acordo que figura no precedente informe, logo da aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo sobre reubicación da Subestación Eléctrica do Castro, asumindo como propia a iniciativa da entidade mercantil "Unión Fenosa S.A." segundo a documentación presentada con data de marzo de 2004, asinada pola arquitecta Dª María Asunción Leboreiro Amaro. (Expte. 8661/411).

2º.- Dar traslado ó Pleno do Concello para a súa aprobación inicial.

#### **20(730).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. SANTIAGO GARCÍA GÓMEZ CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DE REPOSICIÓN DE PAVIMENTO POR OBRAS NA RÚA DE SAN ROQUE,74. EXPTE. 40421/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 1.06.05, conformado polo concelleiro delegado de Servicios Xerais, que di o seguinte:

*Con data 22/01/04, ( Exp. 40120/250 ) D. SANTIAGO GARCÍA GÓMEZ solicita autorización para repoñer, polos seus propios medios, o fresado e aglomerado necesarios para levar a cabo unha acometida de saneamento na rúa San Roque, 74 segundo presuposto da empresa AQUALIA con número 2003/735. Dita autorización foi concedida condicionada á constitución dunha fianza mediante aval bancario de 1.500 euros ( da que se achega copia ) para responder da boa execución das obras de reposición do pavimento afectado.*

*En data 20/05/04, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello con número de documento 40051976 ( Exp. 40421/250 ), solicita a devolución da fianza constituída, e trala pertinente visita de inspección en data 31/05/04 o enxeñeiro técnico industrial D. Alfonso Berros Pérez informa que a reposición do pavimento foi satisfactoria.*

*Polo anteriormente exposto, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte,*

#### **PROPOSTA:**

*Proceder á devolución da fianza de 1.500€ para responder da boa execución das obras de reposición do pavimento afectado pola acometida de saneamento na rúa San Roque, 74, a favor de D. SANTIAGO GARCÍA GÓMEZ.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(731).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A GAS NATURAL SDG S.A. CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA REPOSICIÓN DE PAVIMENTO POR OBRAS NA RÚA GÁNDARA. EXPTE. 38785/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 1.06.05, conformado polo concelleiro delegado de Servicios Xerais, que di o seguinte:

*Con data 04/09/03, ( Exp. 38785/250 ) GAS NATURAL SDG, S.A. solicita licencia para construción do Proxecto de Instalacións para o subministro de gas natural en APA á empresa CROWN CORK DE ESPAÑA, S.L. Dita licencia foi concedida condicionada á constitución dunha fianza polo importe do 10% do custo das obras, concretamente 207,61 €, para responder da boa execución das obras de reposición do pavimento afectado.*

*En data 27/04/04, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello con número de documento 40042141 ( Exp. 38785/250 ), solicita a devolución da fianza constituída, e trala pertinente visita de inspección en data 31/05/04 o enxeñeiro técnico industrial D. Alfonso Berros Pérez informa que a reposición do pavimento foi satisfactoria.*

*Polo anteriormente exposto, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte,*

**PROPOSTA:**

*Proceder á devolución da fianza de 207.61€ para responder da boa execución das obras de reposición do pavimento afectado polas obras de subministro de gas á empresa CROWN CORK, S.L. , a favor de GAS NATURAL SDG, S.A.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(732).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TRANSPORTES Y GRUAS ESTACIÓN S.L. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN NA RÚA PALMA (IGREXA DE SANTA MARÍA). EXPTE. 41157/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, do 27.05.04, conformado polo concelleiro delegado de Servicios Xerais, que di o seguinte:

*Con data 29 de abril de 2004, solicitouse permiso de circulación a r/ Palma (Igrexa de Santa María, Concatedral da Diócese de Tui-Vigo), para instalar Grúa Movil de 60 Tm. para montar un Guindastre Torre con licencia núm. 26967/422.03, para obras de reparación e reformas do Templo de Santa María, Concatedral da Diócese de Tui-Vigo, condicionado o permiso, ó depósito dunha fianza de (30.050,60 euros) polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200400023080 de data 06-05-2004, e por importe de: 60.102,00 euros.*

*Solicitada a devolución da fianza, con documento de entrada no Rexistro Xeral número 40048138 de 11-05-2004. Con data 25-05-2004, procedeuse a facer unha visita de inspección polo percorrido da grúa móbil, indicando que non se producirón danos na calzada imputables o camión grúa.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de (60.102,00 euros – sesenta mil cento dos euros), a favor de TRANSPORTES Y GRUAS ESTACION, S.L.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(733).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40777/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

*O xefe do servizo de Vías e Obras remite á oficina de Patrimonio e Contratación o expediente para a contratación das obras do proxecto básico e de execución de reparación xeral de beirarrúas do concello de Vigo redactado polo enxeñeiro D. Agustín Rodríguez Carballo e polo enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Jorge Muñoz Rama.*

*Pola oficina de contratación elaborouse o prego de condicións para a contratación da execución das obras polo procedemento de concurso aberto, informándose de conformidade o expediente pola Secretaría Xeral e a Interevención Xeral do concello.*

*Posteriormente a estos informes o servizo decidiu amplia-lo gasto do contrato ós 300.000 euros, polo que se adaptou o prego de cláusulas administrativas a estas circunstancias, imputándose o gasto da forma seguinte:*

*180.000 euros na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2004.*

*120.000 euros na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2005*

*Por iso, e previos os informes do Sr. Secretario Xeral e da Sra. Interventora Xeral, proponse a Comisión de Goberno a adopción do seguinte acordo:*

*1º Aproba-lo proxecto básico e de execución de reparación xeral de beirarrúas do concello de Vigo redactado polo enxeñeiro D. Agustín Rodríguez Carballo e polo enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Jorge Muñoz Rama.*

*2º Autoriza-lo gasto de 300.000 euros para a execución das obras do proxecto de de reparación xeral de beirarrúas do concello de Vigo que se imputaran da forma seguinte:*

*180.000 euros na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2004.*

*120.000 euros na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2005*

*3º Aproba-lo prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da execución das obras do proxecto de reparación xeral de beirarúas do concello de Vigo.*

*4º Convoca-lo concurso na forma legalmente prevista.*

Constan no expediente informes xurídicos de Secretaría Xeral de data 11.05.04 e 1.06.04, así como a conformidade coa proposta da interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente.

2º.- Aprobar o proxecto básico e de execución de reparación xeral de beirarúas do Concello de Vigo redactado polo enxeñeiro D. Agustín Rodríguez Carballo e polo enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Jorge Muñoz Rama.

3º.- Autoriza-lo gasto de 300.000 euros para a execución das obras do proxecto de de reparación xeral de beirarúas do concello de Vigo que se imputaran da forma seguinte:

180.000 euros na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2004.

120.000 euros na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2005

4º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da execución das obras do proxecto de reparación xeral de beirarúas do concello de Vigo.

5º.- Convocar o concurso na forma legalmente prevista.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **24(734).- MODIFICACIÓN DO EMPRAZAMENTO DO CAMPO DE HERBA SINTÉTICA DA MADROA. EXPTE. 4160/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 4.06.04, que di o seguinte:

*O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do día 27/11/2003, acorda a inclusión no IV Convenio de Cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, da obra “Construcción dun campo de fútbol de herba sintética na Madroa-Candeán”.*

*Con data 3 de maio de 2004, o director xeral de Deportes da Consellería de Familia, Muller, Xuventude, Deporte e Voluntariado, achega escrito á Alcaldía, onde di que cando ían dar comezo as obras, a entidade usuaria do complexo da Madroa, o R.C. Celta de Vigo, SAD, manifestou o seu desexo de que a dita obra se realizara no campo nº 2 e non no campo onde estaba prevista, dado que este último campo é de herba natural.*

*No dito escrito solicítase a aprobación da modificación do proxecto, sen variación económica.*

*Con data 10 de maio, solicítase ao Secretario do Pleno, informe ó obxecto de clarexar que órgano ten competencia para acordar a modificación solicitada. Con data 2 de xuño, o Secretario do Pleno informou que aínda que foi o Pleno o que acordou a adhesión ao convenio de referencia, a pretendida modificación pode ser acordada pola Xunta de Goberno Local.*

*No complexo da Madroa, existen catro campos de fútbol das seguintes características:*

- *Campo número 1: céspede natural.*
- *Campo número 2: de area e xabre.*
- *Campo número 3: de céspede artificial.*
- *Campo número 4: de céspede natural.*

*Coma se pode comprobar, a pretensión de cambiar a actuación do campo número 4 ao campo número 2 é lóxica, dado que o campo número 4 ten unhas características moito mellores que o número 2 para a práctica do fútbol.*

*Asemade, cómpre subliñar que no Acordo de Adhesión adoptado polo Pleno o día 24 de novembro de 2003, pónense a disposición da Xunta de Galicia a totalidade dos terreos de titularidade municipal, situados na Subida á Madroa, s/n, sen especificar ningún campo en concreto. Esta actuación está financiada integramente pola Xunta de Galicia, non tendo o Concello de Vigo, que aportar crédito algún para a devandita obra.*

*Polo tanto, tendo en conta a petición da Dirección Xeral de Deportes para modificar a localización dun campo de fútbol de herba sintética na Madroa, o técnico que subscribe realiza a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:*

- 1) *Aprobar a modificación do emprazamento do campo de herba sintética da Madroa que inicialmente íase construír sobre o campo de herba natural, identificado co número 4 e que agora construírse sobre o campo identificado co número 2, no proxecto redactado polos arquitectos don Jorge Marañón Barreras y Jesús Marañón Barreras, relativo a un campo de herba sintética na Madroa-Candeán, sempre e cando a execución deste proxecto non supoña unha minoración do importe previsto do 2.095.534 € no IV convenio de Cooperación entre a Xunta de Galicia e a deputación de Pontevedra, segundo o escrito remitido pola Xunta de Galicia.*
- 2) *O Concello de Vigo non terá que aportar ningunha cantidade para esta actuación, co que o custe do investimento será aportado na súa integridade pola Xunta de Galicia.*



- 3) *Este Acordo complementa ao adoptado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 24/11/2003.*
- 4) *Dar conta deste Acordo ao Pleno Municipal.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(735).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA CARREIRA CICLISTA CAMPIONATO DE GALICIA, CATEGORÍAS ELITE, SUB-23 E SUB 21, O DÍA 12.06.04. Expte. 4516/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar a Federación Galega de Ciclismo a organizar o día 12 de xuño de 2004, a carreira ciclista Campionato de Galicia en categorías Elite, Sub-23 e Sub-21. A saída desta proba está previsto que sexa dende a rúa Pablo Iglesias, para continuar polas rúas Gallegos Olímpicos, Avda de Citroen e pola estrada PO-552 cara o Concello de Nigrán. A saída da proba está prevista ás 14:00 h e a chegada, pola estrada PO-552, Avda. de Citroen, rúa Gallegos Olímpicos e Pablo Iglesias, aproximadamente ás 17:00 h.

#### **26(736).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2527/306/04.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas de data 21.05.04, redactado polo técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola xefe de Seguridade e Transporte, e o prego cláusulas administrativas de data 3.06.04, redactado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a contratación por concurso aberto da prestación do Servizo de colaboración en materia de loita contra incendios forestais no Concello de Vigo; visto o informe xurídico de Secretaría Xeral, do 4.06.04, e de

acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 2527/306.

2º.- Autoriza-lo gasto de 30.050,61 euros para a prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra incendios forestais no concello de Vigo que se imputarán á partida 445.0.227.06.01 do vixente presuposto.

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra incendios forestais no concello de Vigo.

4º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**27(737).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2596/306/04.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de prescricións técnicas de data 27.05.04, redactado polo técnico supervisor de Medio Ambiente e a xefa de Mobilidade e Seguridade, conformado polos concelleiros delegados dos respectivos servizos, e o prego cláusulas administrativas de data 3.06.04, redactado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior, ambos para a contratación por concurso aberto da prestación do Servizo de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Vigo; visto o informe xurídico de Secretaría Xeral, do 4.06.04, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do exppte 2596-306.

2º.- Autoriza-lo gasto de 105.303,63 euros para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do concello de Vigo que se imputarán á partida 4433.227.01.00 do vixente presuposto.

3º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias do concello de Vigo.

4º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**28(738).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO APARCADOIRO SOTERRADO DA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 948/400.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro da Área de xestión municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES:*

*A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 9 de febreiro de 2004 acordou:*

- 1) “Autorizar a iniciación do expediente de modificación do contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz, aprobado polo Pleno o 15 de abril de 1999, consistente na mellora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.*
- 2) Encargar a redacción da modificación do proxecto de execución do aparcadoiro de Urzaiz ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores da obra.”*

*O 24 de febreiro de 2004 a entidade “FRAGA, QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS”, integrada polos técnicos redactores do proxecto orixinal e directores da devandita obra, presenta no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento nº 40018961) dous exemplares do “modificado do proxecto de execución do aparcadoiro soterrado de Urzaiz. Novo deseño da superficie e reestructuración do tráfico”.*

*Con data 25 de febreiro de 2004 o director dos Servicios Técnicos desta Xerencia Municipal de Urbanismo informa o citado proxecto concluíndo que “constitúe unha obra completa subsceptible de ser entregada ó uso público e totalmente definida para a súa execución”.*

*Segundo este informe, o proxecto consta de memoria, planos, pregos de condicións, medicións e presupostos; polo que posúe o contido mínimo establecido pola normativa que regula a contratación pública.*

*Achégase, así mesmo, o informe do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade de data 16 de febreiro deste ano, relativo á situación do tráfico na superficie do aparcadoiro de Urzaiz.*

*O presuposto total de contrata, unha vez deducido o que figuraba no proxecto orixinal, é de 1.493.193,25 euros.*

*Fundamentos de dereito:*

*De conformidade co novo artigo 127.1.f) da Lei reguladora das bases de réxime local (introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), a modificación do proxecto da obra do aparcadoiro de Urzaiz e, por tanto, do contrato de concesión deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, previa tramitación do correspondente expediente.*

*Tendo en conta que este contrato de concesión foi aprobado estando vixente a derogada Lei 13/1995, de 18 de maio, Lei de contratos das administracións públicas, para tramitar calquera modificación do mesmo haberá que aplicar esta norma: en particular o artigo 146.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 01-03-2004, acordou:*

- 1) Aprobar o “modificado do proxecto de execución do aparcadoiro soterrado de Urzaiz. Novo deseño da superficie e reestructuración do tráfico”, presentado no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o pasado 24 de febreiro (nº documento 40018961) e informado polo director dos Servicios Técnicos deste Organismo Autónomo o 25 de febreiro de 2004.*
- 2) Incoar o expediente de modificación do contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz, aprobado polo Pleno o 15 de abril de 1999, de acordo co citado proxecto.”*

*A entidade Eloymar Tranvías Eléctricos de Vigo UTE prestou conformidade á modificación do contrato en escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 13 de abril de 2004.*

*Para facer fronte á modificación do proxecto foi instrumentada unha modificación presupostaria, a aprobación definitiva da cal foi publicada no B.O.P. o 04-06-2004.*

*A vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Modifica-lo contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzáiz, aprobado por acordo plenario de 15 de abril de 1999, de acordo co proxecto modificado do de execución de aparcadoiro soterrado de Urzáiz, novo deseño da superficie e reestructuración de tráfico, e que foi presentado no Rexistro Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo o 24 de febreiro de 2004, co nº de documento 40018961.*

*2.- Como consecuencia da aprobación desta modificación contractual aboarase ó contratista Tranvías Eléctricos de Vigo Eloymar UTE a cantidade de 1.493.193,25 euros, que se imputarán á partida presupostaria 511.0.611.00.42*

*A interventora xeral emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e dabondo para facer fronte o gasto proposto.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:*

*1º.- Modifica-lo contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzáiz, aprobado por acordo plenario de 15 de abril de 1999, de acordo co proxecto modificado do de execución de aparcadoiro soterrado de Urzáiz, novo deseño da superficie e reestructuración de tráfico, e que foi presentado no Rexistro Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo o 24 de febreiro de 2004, co nº de documento 40018961.*

2º.- Como consecuencia da aprobación desta modificación contractual aboarase ó contratista Tranvías Eléctricos de Vigo Eloymar UTE a cantidade de 1.493.193,25 euros, que se imputarán á partida presupostaria 511.0.611.00.42.

**29(739).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez